

O PSOE da Pobra de Brollón mostra a súa inquedanza pola deixadez do alcalde en materia forestal que pon en perigo a seguridade dos veciños e veciñas

Os socialistas están preocupados pola “xestión ineficiente do goberno nun tema tan serio, sobre todo, agora que nos imos achegando a campaña de verán”, e engaden “a alcaldía debería velar pola seguridade dos seus veciños nun concello cada vez máis avellentado onde factores como o despoboamento e o abandono das terras fan que a vexetación se acerque cada vez máis ás vivendas e instalacións

A Pobra é un concello de natureza forestal que conta cun potencial impresionante no sector madeireiro: 21 Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e un total de 8.000 hectáreas de Monte Clasificado

“O que fai o alcalde e tirar balóns fora e marear aos veciños facéndolles acudir a outros organismos, perdendo o seu tempo e diñeiro, cando sabe que os expedientes volverán ao concello por ser o órgano competente nesta materia“ subliña o concelleiro socialista Javier González.

Dende o Grupo Socialista solicitan ao alcalde que “non mire para outro lado e actúe de forma contundente nun problema tan serio como son os incendios forestais”

POBRA DE BROLLÓN, 8 DE ABRIL DE 2015.- O grupo Socialista denuncia que o alcalde da Pobra está deixando de lado a prevención sobre os incendios forestais coa total desatención da xestión de faixas de biomasa que, segundo indica a Lei de 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia compete ao órgano local.

Os socialistas están preocupados pola “xestión ineficiente do goberno nun tema tan serio, sobre todo, agora que nos imos achegando a campaña de verán”, e engaden “a alcaldía debería velar pola seguridade dos seus veciños nun concello cada vez máis avellentado onde factores como o despoboamento e o abandono das terras fan que a vexetación se acerque cada vez máis ás vivendas e instalacións, facéndoas perigar de forma considerable en caso de incendio forestal ao non atoparse limpas de matorral nunha área de 50 metros como dita a Lei”.

A Pobra é un concello de natureza forestal que conta cun potencial impresionante no sector madeireiro: 21 Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e un total de 8.000 hectáreas de Monte Clasificado. Por iso, o PSOE non sae do seu asombro ao “atoparse totalmente ignorado dende a alcaldía en algo tan básico como é prevención das vivendas e as instalacións, así como das vías de circulación de titularidade municipal na que a Lei tamén é clara e concisa das distancias a que deben atoparse as plantacións”.

O problema xurde, segundo os socialistas, cando se produce un Incendio forestal e o lume se achega ás vivendas e instalación onde hai que decretar o NIVEL 1 de emerxencia pola proximidade, problema que diminuiría nun 90% se o concello atenderá as peticións dos veciños que lle reclaman mediante denuncia o cumprimento da lei. “O que fai o alcalde e tirar balóns fora e marear aos veciños facéndolles acudir a outros organismos, perdendo o seu tempo e



NOTA DE PRENSA

diñeiro, cando sabe que os expedientes volverán ao concello por ser o órgano competente nesta materia“ subliña o concelleiro socialista Javier González.

Por iso, dende o Grupo Socialista solicitan ao alcalde que “non mire para outro lado e actúe de forma contundente nun problema tan serio como son os incendios forestais”.